



NOTA INFORMATIVA

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O VINDEIRO CURSO 2021/2022

Orde do 6 de maio de 2021 (DOG 20/05/2021)

ESQUEMA DO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS PARA LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

| | | |
|--|--|--|
| FONDO SOLIDARIO | NIVEIS: 3º,4º,5º e 6º EP | |
| | SOLICITANTES: todo o alumnado admitido, con independencia da renda per capita da unidade familiar. | |
| | AXUDA: acceso aos libros de texto dispoñibles no fondo solidario do centro, por orde inversa á renda per capita. | |
| | GARANTÍA: | 6 libros de texto (renda per capita igual ou inferior a 6.000 €). 4 libros de texto (renda per capita superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000 €). |
| AXUDAS PARA LIBROS | NIVEIS: 1º e 2º EP e EE | |
| | SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda per capita igual ou inferior a 10.000 €. | |
| | IMPORTE DA AXUDA | Renda* per capita igual ou inferior a 6.000 €. EP: 210 €. |
| | | Renda* per capita superior a 6000€ igual ou inferior a 10000 €. EP: 140 €. |
| Alumnado* de EE ou con discapacidade igual ou superior ao 65%: 275 € | | |
| AXUDAS PARA MATERIAL | NIVEIS: EP,EE | |
| | SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda* per capita igual ou inferior a 6.000 €. | |
| | IMPORTE DA AXUDA: 50 € | |

*NOTA. Non se aplica o límite de renda ao alumnado de EE, ao alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65% e ao alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Os requisitos e termos da convocatoria poden consultarse no taboleiro de anuncios da entrada do colexio, na web do centro e no portal da Consellería: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/34002>

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- **Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2020/2021.**
Prazo máximo para devolución: O 22 de xuño de 2021
- **Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo ou adquirido coas axudas para libros** no curso escolar 2021/2022 e devolvelos ao rematar este.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PROCEDEMENTO

1. **As solicitudes (Código: ED330B)** presentaranse polos pais, nais, tutores ou representantes legais do alumnado. Será **única** para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/2022,

especificando o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.

As **solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados disponibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>) a través da sede electrónica da xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes.

2. **Prazo de presentación de solicitudes:** **ata o 22 de xuño de 2021 (este incluído)**

3. **Documentación a presentar:**

Xunto coa solicitude, Anexo I, presentarase **orixinal e copia** da seguinte documentación:

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
 - Copia do libro de familia ou documento equivalente, no que figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
 - ✓ Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
 - ✓ Certificado ou volante de convivencia.
 - ✓ Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar (artigo 5 da Lei 121/2007, do 27 de xullo, galega)
 - Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa de situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.
4. **Listaxe provisional** de solicitudes admitidas e excluídas Fondo Libros: 5 de xullo de 2021.
5. **Reclamación listaxe** provisional Fondo Libros: 2 días seguintes á publicación.
6. **Listaxe definitiva** de solicitudes admitidas e excluídas Fondo Libros: 9 de xullo de 2021.
7. **Entrega dos libros do Fondo Libros:** dende 6 ao 8 de setembro de 2021 **de 9 h. a 10 h. e de 12 h. a 14 h.**
O centro entregará un documento xustificativo dos libros entregados.
8. No caso dos Vales de libros e de Material Escolar, o centro xerará un vale selado e asinado polo/a director/a que será entregado ao solicitante (as datas de entrega serán publicadas máis adiante na páxina web do colexio). Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir libros de texto e material escolar nos establecementos rexistrados. As persoas beneficiarias deberán usar os vales antes do 8 de abril de 2022.
9. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno, e co artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a listaxe provisional e definitiva de persoas beneficiarias de libros de texto do fondo solidario publicarase única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.